



Circular ás familias

Fondo solidario libros de texto e axudas material escolar curso 2018/2019

[Orde do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2018/2019](#)

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de abrir o prazo para que as familias soliciten a súa participación no Fondo Solidario de Libros de Texto, ou ben nas axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado nos catro cursos da ESO, en centros sostidos con fondos públicos para o vindeiro curso 2018/19.

O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto dende hoxe ata o próximo día 22 de xuño.

Destinatarios e tramitación

O vindeiro curso 2018/2019 tanto o Fondo solidario de libros de texto como as axudas para a compra de material escolar estarán accesibles para o alumnado matriculado en todos os cursos de ESO.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática fondo libros <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> a través da [sede electrónica da Xunta de Galicia](#). opcionalmente poderán presentarse de xeito presencial nos propios centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Podedes solicitar os formularios na conserxería do centro ou baixalos da [sede electrónica da Xunta de Galicia](#) ou no [portal educativo da Consellería de educación](#).

O horario para presentar as solicitudes é de 9:00 a 14:00 h en conserxería.

Fondo solidario

A asignación de libros de texto correspondente a toda a etapa de ESO (1º, 2º, 3º e 4º curso) farase, ao igual que nos dous anos anteriores, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. En calquera caso, terán preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da súa renda familiar.

De darse o caso de non alcanzar os libros dispoñibles no fondo solidario para dar unha cobertura igual á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas, o centro adquirirá os libros complementarios que sexa necesario. O obxectivo é garantir que o alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5.400 euros e o que estea en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% (nestes dous últimos casos con independencia da renda) teña garantido o acceso a 6 libros, e que o que teña renda per cápita de entre 5.400,01 euros e 9.000 acceda a 4 manuais.

Axudas para material escolar

Os destinatarios das axudas para material escolar son todo o alumnado matriculado en ESO cuxo umbral de renda per cápita familiar sexa igual ou inferior a 5.400 euros, e a contía da axuda será de 50 euros. No caso do alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

Cómpre lembrar que será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario, ou recibir as axudas para material escolar ter devolto os libros, ben utilizados do mesmo fondo o ano pasado, ben adquiridos con cargo á convocatoria de axudas para a compra de libros de texto.

Do procedemento para devolver os libros informarase proximamente.

Axudas para material escolar

Os destinatarios das axudas para material escolar son todo o alumnado matriculado en ESO cuxo umbral de renda per cápita familiar sexa igual ou inferior a 5.400 euros, e a contía da axuda será de 50 euros. No caso do alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

Mais información na páxina web do centro: www.edu.xunta.es/centros/iesblancoamorculleredo ou na páxina da consellería: <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

Culleredo, 22 de maio de 2018

A dirección